



## **BASES DO CONCURSO DO DESFILE DE DISFRACES E COMPARSAS DO ENTROIDO 2018**

### **PRIMEIRA:**

A Delegación de Cultura, Ferias e Mercados e Asociacionismo Rural do concello de Vilalba convoca o concurso do desfile de disfraces e comparsas que se realizará o día martes 13 de febreiro de 2018 en Vilalba (Lugo).

### **SEGUNDA:**

As modalidades para a inscrición no concurso do desfile de disfraces e comparsas atendendo ao número de participantes son:

**Modalidade 1:** *Individual Infantil e Xuvenil (0\_14 anos)*  
( 1 participante) *Individual Adulto (Máis de 15 anos)*

**Modalidade 2:** *Parellas Infantil e Xuvenil (0\_14 anos)*  
( 2 participantes) *Parellas Adulto (Máis de 15 anos)*

**Modalidade 3:** *Comparsa Infantil e Xuvenil (0\_14 anos)*  
( 8 ou máis participantes) *Comparsa Adultos (Máis de 15 anos)*

En caso de participar nas modalidades 2 ó 3, os seus participantes teñan máis do 50% dunha idade terase en conta para incorporalo a modalidade de maior idade, p. ex.: Comparsa formada por 10 participantes de 15 anos e 12 participantes maiores de 15 anos (participará na comparsa de adultos). Todas as parellas nas que participe un menor de 15 anos e un maior de 15 anos participarán na categoría de adultos.

Daranse por nulos, os concursantes que repitan con disfraces de anos anteriores.

### **TERCEIRA:**

As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse no servizo municipal de Cultura do concello de Vilalba sito no 2º andar do concello (Praza da Constitución s/n, Vilalba\_ Lugo) ou através do formulario na nosa web.

#### **Modalidade 1 (Individuais)**

Nome e apelidos.

- Idade.
- D.N.I.
- Disfraz.
- Enderezo.
- *Teléfono de contacto.*



### Modalidade 2 (Parellas)

Nome e apelidos da parella

- Idades
- D.N.I.
- Disfraz.
- Enderezo.
- *Teléfono de contacto.*

### Modalidade 3 (Comparsas)

- Nome da comparsa.
- Número de participantes.
- Idades:       -15 anos   
                  +15 anos
- Nome e apelidos do responsable.
- D.N.I.
- Enderezo.
- Teléfono de contacto.
- Carroza si no
- Música si no

Prazo de inscrición:

- Do **17 de xaneiro de 2018 ata o 9 de febreiro de 2018**, sendo o derradeiro día de inscrición o **9 de febreiro** ás 14h.
- Todas aquelas solicitudes presentadas fora deste prazo serán desestimadas, calquera que sexa a causa do seu atraso.

### CUARTA:

\_\_ Poderán presentarse neste concurso tódalas comparsas e disfraces que o desexen.

\_\_ Habrá 2 premios especiais para as comparsas de adultos e infantís (1 premio/ categoría) pertencentes ao concello de Vilalba, sempre que non coincidan premiadas no concurso xeneral por importe total de 400€ a repartir segun o criterio do xurado.

\_\_ Os aboamentos dos premios serán tramitados polo concello de Vilalba através dunha transferencia bancaria, previamente será necesaria a presentación do certificado con número de conta ao realizar a inscición.

### QUINTA:

**Modalidade 1:**       *Individual e Xuvenil (0\_14 anos)*

\_ 1º premio de 60€  
\_ 2º premio de 40€  
\_ 3º premio de 20€

*Individual Adulto (Máis de 15 anos)*

\_ 1º premio de 100€  
\_ 2º premio de 50€  
\_ 3º premio de 30€



**Modalidade 2: Parella Infantil e Xuvenil (0\_14 anos)**

\_ 1º premio de 100 €  
\_ 2º premio de 60 €  
\_ 3º premio de 30 €

**Parella Adulto (Máis de 15 anos)**

\_ 1º premio de 180€  
\_ 2º premio de 80€  
\_ 3º premio de 40€

**Modalidade 3: Comparsa Infantil e Xuvenil (0\_14 anos)**

\_ 1º premio de 250€  
\_ 2º premio de 150€  
\_ 3º premio de 120€

**Comparsa Adulto (Máis de 15 anos)**

\_ 1º premio de 600€  
\_ 2º premio de 400€  
\_ 3º premio de 300€  
\_ 4º premio de 150€

**\_\_ ACCESITS:**

\_ comparsas de máis de 8 compoñentes 100€

**DE PARTICIPACIÓN:**

(Os que non acaden premio)

**OUTROS PREMIOS:**

(acumulables a  
outros premios)

\_ mellor posta en escea ( calquera modalidade) 100€

\_ mellor humor (calquera modalidade) 100€

**SEXTA:**

Os participantes farán un desfile pola vila o martes 13 de febreiro de 2018 a partir das 17,30h con saída da rúa Castelao o lado da estación de autobuses de Vilalba, debéndose presentar ás 17.00h no lugar indicado, quedando excluído o que non se presente puntualmente, salvo condicións meteorolóxicas adversas.

**SÉTIMA:**

O xurado do concurso estará composto por alomenos 3 compoñentes e terá sempre unha composición impar.

**Xurado:** Persoas de diferentes ámbitos sociais, educativos, culturais e representantes dos medios de comunicación de Vilalba.



**Secretario/a:** O/a técnico/a de cultura do concello de Vilalba, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases.

OITAVA:

Para as votacións terase en conta a vestimenta adecuada con motivo do entroido, a calidade, a representación, a posta en escea, a confección dos traxes, a música e todas aquelas que considere oportuno os membros do xurado.

**VOTACIÓN:**

	<input type="checkbox"/> 15 ptos
<input type="checkbox"/> Individual e parellas	<input type="checkbox"/> 10 ptos.
	<input type="checkbox"/> 5 ptos.
	<input type="checkbox"/> 25 ptos
<input type="checkbox"/> Comparsas	<input type="checkbox"/> 20 ptos.
	<input type="checkbox"/> 15 ptos.
	<input type="checkbox"/> 10 ptos
	<input type="checkbox"/> 5 ptos.
	<input type="checkbox"/> 5 ptos
<input type="checkbox"/> Posta en escea	<input type="checkbox"/> 4 ptos.
<input type="checkbox"/> e mellor humor	<input type="checkbox"/> 3 ptos.
	<input type="checkbox"/> 2 ptos
	<input type="checkbox"/> 1 ptos.

*Resultando gañador/a/es/as os/as que obteñan despois do reconto final a puntuación máis elevada.*

NOVENA:

A decisión do xurado farase pública mediante lectura da acta ao remate da concentración na praza da Constitución de Vilalba. Debendo estar presentes polo menos o 50% dos grupos premiados.

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases, a decisión do xurado e inapelable.